

INNOVACIÓNS REPUBLICANAS NA EDUCACIÓN POPULAR: AS MISIÓNS PEDAGÓXICAS. ANÁLISE DUNHA EXPERIENCIA, CON REFERENCIAS A GALICIA

REPUBLICAN INNOVATIONS IN PEOPLE'S EDUCATION: THE MISIONES PEDAGÓXICAS. ANALYSIS OF AN EXPERIENCE, REFERRING TO GALICIA

Anxo Serafin Porto Ucha

Universidade de Santiago de Compostela
angelserafin.porto@usc.es

Raquel Vázquez Ramil

Escuela Universitaria de Magisterio CEU-Vigo
raquel.vazquezramil@ceu.es

“-Teatro trashumante; de pueblo en pueblo.

-Y para las cárceles, para los asilos. Llevaremos romances y
canciones, farsas poéticas, teatro de Lope y Calderón”.

Alejandro Casona, *Nuestra Natacha*, Madrid, Castalia, 2007, p. 31.

RESUMO

Coa chegada das Misións Pedagóxicas a partir de 1931 produciase en Galicia un intenso acercamento á ILE, nacida en Madrid en 1876. A pesar de ser acusada ás veces de “elitismo cultural”, encontramos na ILE unha importante vertente dirixida ao popular que rebasa o ámbito meramente sentimental para converterse en algo máis profundo, de reencontro coa historia real do pobo. No marco da Segunda República atopa a Institución un terreo fertilizado para desenvolverse fóra dos seus establecementos educativos e chegar a lugares recónditos do pobo. A guerra civil, como é ben sabido, supuxo a drástica desaparición daquel proxecto innovador, cheo de ilusión e esperanza. Á parte da imprescindible consulta de fondos documentais en Madrid (Biblioteca da Real Academia da Historia, Biblioteca Nacional, CSIC, Hemerotecas Nacional e Municipal, etc.), no noso estudo facemos uso de material de arquivo, especialmente do Museo Provincial de Pontevedra e do Arquivo Histórico Universitario de Santiago, da prensa e revistas galegas da época, de memorias e demais literatura pedagóxica de ou sobre o tema, xunto a textos de carácter normativo (Gaceta de Madrid, Boletíns Oficiais da Provincia, etc).

Palabras-chave: Innovacións na historia da educación, educación popular, Misiones Pedagógicas, Institución Libre de Enseñanza, Historia da Escola en Galicia.

ABSTRACT

When the *Misiones Pedagógicas* arrived in Galicia from 1931 took place a remarkable approach to the *Institución Libre de Enseñanza* (ILE), born in Madrid in 1876. Despite of being branded as prone to

“cultural elitism”, the ILE has a significant dimension focused on popular culture that goes beyond the sphere of mere feelings for becoming something deeper, a rediscovery of people’s real History. In the Spanish Second Republic the ILE found a firm ground to develop beyond their schools and to reach as far as remote places. As everybody knows, the Civil War brought about the drastic disappearance of the innovation project, full with excitement and hope. Besides the unavoidable review of books and papers in Madrid (Library of the History Royal Academy, National Library, CSIC, National and Council Newspapers Library, etc.), we also use documentary archives, specially from the Pontevedra Provincial Museum and of the University of Santiago de Compostela Historical Archive, and furthermore Galician newspapers and magazines from that time, memoirs and another pedagogical literature about the question, without forgetting the legal texts.

Keywords: Innovations in History of Education, People’s education, *Misiones Pedagógicas*, *Institución Libre de Enseñanza*, History of School in Galicia.

1. AS MISIÓNES PEDAGÓXICAS

O 14 de abril de 1931 quedaba implantada a Segunda República en España. As cidades mostráranse republicanas, pero o mundo rural, baixo intereses e formas de vida tradicionais, ofrecera notábeis resistencias. Interesaba, por conseguinte, elevar o nivel cultural deste sector, cara á súa integración no novo marco social (Otero Urtaza, 1982, p. 13). Dentro deste contexto de educación popular sitúase o nacemento das Misións Pedagóxicas. Non se trataba de organizar unha ensinanza sistemática; o que se pretendía era unha modalidade de educación, onde o que asistise ás Misións fora alcanzando un novo caudal de coñecementos a través do espectáculo ao aire libre, da conversación directa, das conferencias, etc. Era a plasmación do vello ideal institucionista da extensión universitaria. Marcelino Domingo, o Ministro que subscribía o Decreto, sostíña que era necesario e urxente ensaiar novas formas de influencia educativa no pobo, non soamente coa letra impresa, senón coa palabra e o espírito que a animaba:

Se trata de llevar a las gentes, con preferencia a las que habitan en localidades rurales, el aliento del progreso y los medios de participar en él, en sus estímulos morales y en los ejemplos del avance universal, de modo que los pueblos todos de España, aun los apartados, participen en las ventajas y goces nobles reservados hoy a los centros urbanos. (Decreto do 29/5/1931, *Gaceta de Madrid* do 30/5/1931).

Diante destas preocupacións da Segunda República, non é de estrañar a pronta aparición do Patronato de Misións Pedagóxicas. O Patronato foi creado por un Decreto de 29 de maio de 1931 (*Gaceta* do 30/5). Constituíuse tres meses despois. Os iniciadores das Misións recibiran a súa inspiración na doutrina predicada por Manuel Bartolomé Cossío dende os seus primeiros anos de acción educadora, e, por iso, pensaron nel para poñelo á fronte do Patronato. Cossío reflexionara con frecuencia en levar ás aldeas e pobos apartados o alento da cultura, reivindicando o ocio e a contemplación estética como valores educativos, convencido de que o goce no estudo e na beleza da arte era tan importante para un campesiño como para un intelectual. É este un punto fundamental na súa concepción educativa. Esta preocupación por chegar ao corazón do mundo rural xa o expresara naquel Primeiro Congreso Nacional Pedagóxico de 1882:

Enviemos a ellas [a las escuelas rurales] los mejores Maestros, no sólo los mejores en el saber, sino en algo más importante para este ministerio, en vocación; enviemos hombres superiores, de

elevada cultura, de abnegación sin límites; remunerémosles, no decorosa, sino espléndidamente (...) **misioneros** de la educación, hombres distinguidos por su espíritu y hasta por sus maneras, capaces no ya de alternar de igual a igual con el abogado, con el juez, con el médico, con el ingeniero, con el sacerdote, sino de influir en ellos y estimularlos a auxiliarles en su obra (Congreso Nacional Pedagógico, 1882, p. 85).

Cando F. Barnés acode á Estación madrileña do Norte, ao retorno de Manuel B. Cossío de Suíza, para rogarlle que garantise coa súa dirección e consello a viabilidade da empresa, este, aínda que xa enfermo, dá a súa conformidade. Cossío sitúase, pois, no centro da obra das Misións Pedagóxicas. O Decreto que nomea Presidente do Patronato a Manuel B. Cossío sae á luz o 6 de agosto (Gaceta do 13 de agosto). Nel aparecen nomeados os restantes membros da Comisión Central: Vicepresidente, Domingo Barnés, Director do Museo Pedagógico; Secretario, Luis Álvarez Santullano, moi vinculado a Cossío; catorce vogais: Rodolfo Llopis, Marcelino Pascua, Francisco Barnés, Antonio Machado, Lucio Martínez, Luis Bello, Pedro Salinas, Enrique Rioja, Juan Uña, Oscar Esplá, Ángel Llorca, José Ballester, Amparo Cebrián e María Luisa Navarro.

O Decreto de Misións, impulsado pola corrente institucionista, sinala tres grandes apartados nos que vai centrar a súa actividade:

- a) Fomento da cultura xeral, mediante o establecemento de bibliotecas populares, fixas e circulantes, organización de lecturas e conferencias públicas, audicións e exposicións, etc.
- b) Orientación pedagóxica, con visitas a escolas e celebración de Semanas ou Quincenas pedagóxicas;
- c) Educación cidadá, con reunións onde se afirmasen os principios democráticos, acompañadas de conferencias e lecturas nas que se explicasen ao pobo diversas cuestións relacionadas coa estrutura do Estado, participación política e demais.

Un dos servizos máis importantes do Patronato de Misións constituíuno a creación de bibliotecas. O 8 de agosto de 1931 a Gaceta publicaba o Decreto do día anterior que daba paso á creación de bibliotecas escolares. A biblioteca escolar convertíase así nun dos elementos fundamentais da escola. Para elo, a primeira atención do Patronato neste servizo foi seleccionar as obras que habían de integrar as bibliotecas, tarefa que ofrecía importantes dificultades polo público ao que ían dirixidas e polas resistencias atopadas nos ámbitos rurais, a miúdo controlados polas forzas contrarias á República. A experiencia do Museo Pedagógico e o ensaio de bibliotecas circulantes iniciado en 1912, xunto co consello de persoas coñecedoras da bibliografía recomendable, facilitaron o labor.

O labor cultural das bibliotecas complementábase cos outros servizos do Patronato: coleccións de gramófonos e discos; o cinematógrafo e as proxeccións fixas, dous dos auxiliares máis poderosos da actuación misioneira; o Coro e o Teatro do Pobo, encargados de espertar a sensibilidade artística; o Retablo de Fantoques; os cursos para mestres, e, finalmente, o Museo do Pobo, con reproducións de cadros, especialmente do Museo do Prado. Sabemos que as Misións foron duramente atacadas durante o segundo bienio, a partir de 1934, reducindo os seus orzamentos e criticando as súas funcións. O Patronato publicou dúas Memorias, *Misiones Pedagógicas (Septiembre de 1931, Diciembre de 1933)* (1934) e *Memoria de una misión pedagógico-social en Sanabria (Zamora)* (1935).

1.1. Actividades desenvolvidas en Galicia

Lembremos algunhas das súas realizacións en chan galego:

a) 1931. O Servizo de Bibliotecas

Creadas as Misións Pedagóxicas, comezouse co servizo de bibliotecas. As orixes das bibliotecas de instrución primaria con servizo circulante hai que situalas moi anteriormente na creación e desenvolvemento do Museo Pedagóxico Nacional, do que Cossío foi director dende 1883 a 1929, e despois director honorario até a súa morte (1935). Recibiron un novo pulo coa política de Rafael Altamira dende a Dirección Xeral de Ensinanza Primaria (1911-1913). Na Segunda República este labor correu ao cargo de Patronato de Misións Pedagóxicas.

Durante 1931 concedéronse para Galicia as seguintes bibliotecas: A Coruña (19), Lugo (20), Ourense (25) e Pontevedra (16). A finais de 1934 o Patronato de Misións Pedagóxicas repartira un total de 5.000 Bibliotecas, das que correspondían a Galicia 485: A Coruña, 98; Lugo, 68; Ourense, 148, e Pontevedra, 171. Aínda hoxe podemos topar con algún daqueles libros, perdidos polas antigas escolas unitarias. Recoñécense, porque levan o carimbo do “Patronato de Misiones Pedagógicas”. O seu achádego pode seguir dando máis luz sobre este tema. A *Memoria* redactada en 1935 pon de manifesto o papel desempeñado por estes pequenos centros culturais nos que lían os nenos, os seus familiares e o público, en xeral. Sen embargo, o clima político nótase no ambiente, como sucedeu en Chantada e Pedrafita do Cebreiro, onde o mestre só daba os libros que lle parecían morais, “confiscando” os demais e agachándoos na súa casa, e con elementos que pregoaban que cando viñese un Goberno favorable suprimirían as Bibliotecas (Porto Ucha, 1986, pp. 304-306).

As lecturas poden clasificarse en dous grupos: para rapaces e para adultos. Como autores preferidos polos lectores infantís, os seus clásicos Perrault, Grimm, Andersen, Hoffmann, *Las mil y una noches*, Homero e Dante; as novelas de aventuras de Swift, Poe, Mayne, Reid, Verne, Lagerlöf e Kypling; as descrições xeográficas; as biografías de homes ilustres: A. Magno, Gonzalo de Córdoba, Cervantes, Napoleón, Franklin, Stephenson, Livingstone, Miguel Servet, etc. Os adultos inclinábanse en primeiro termo pola novela; pero a poesía e as obras de carácter sociolóxico tamén figuraban entre os libros solicitados. Pérez Galdós e os seus *Episodios Nacionales*, Valera, Pérez de Ayala. Dos clásicos, Cervantes e Quevedo. Entre os estranxeiros, Dickens, Tolstoi, Víctor Hugo. Dos nosos poetas, Bécquer, Machado e J. R. Jiménez. Alentados por Santullano, os mestres elevaban as peticións de bibliotecas para as súas escolas, co informe favorable da Inspección.

O servizo viuse xa afectado pola redución nos presupostos do Ministerio do ano 1934. Lembremos que despois dos avances do Bienio 1931-33 (Bienio Azañista), comezou unha época de retroceso, coñecida como Bienio Negro. É significativa a actitude de Tiburcio Romualdo de Toledo, deputado a Cortes en 1933 que chegaría a xefe de primeira ensinanza en 1938, que propuxo suprimir do orzamento de 1934 a dotación asignada ás Misións Pedagóxicas.

b) 1932. O labor de Alejandro Rodríguez Cadarso. Conferencias Pedagóxicas

Nunha xuntanza do 29 de decembro de 1931, o Reitor da Universidade de Santiago, Alejandro Rodríguez Cadarso, moi vinculado aos institucionistas, propoñía a conveniencia de que o

Consello Universitario de Primeira Ensinanza realizase un labor eficaz, dentro das atribucións que tiña conferidas polo Decreto do 9 de xuño de 1931, no que se creaban os Consellos Universitarios, Provinciais, Locais e Escolares. Para redactar as bases, o Reitor propuxo unha ponencia integrada polos inspectores Díaz Rozas e Lorenzo Gil. Na reunión do 5 de xaneiro de 1932 dábase conta dos traballos a desenvolver. Entre eles, “dar conferencias ao Maxisterio”, dentro dos proxectos das Misións Pedagóxicas. A noticia era recollida por *El Noroeste*, sobre o papel da Universidade neste cometido:

No es hoy el Rectorado el que ordena y manda desde su torre de Oro de la Universidad, como en tiempos de antaño, sino que es el mismo Rector quien viene a la montaña, encareciéndoles el mayor celo, cariño y energía para las Misiones Pedagógicas. La propia Universidad se presta a ser Misionera, llevando a las recónditas aldeas de estas provincias en forma vivida, sencilla y práctica, cuanto pueda y deba saber nuestro aldeano, desterrando los prejuicios que la imaginación y la fantasía, sin el control del juicio y el discernimiento, han embotado durante centurias el cerebro de nuestros campesinos (Marras, 1932).

Tamén *El Pueblo Gallego* destacaba a orientación especificamente galega en senllos artigos publicados o 4 e o 7 de maio de 1932 co título “Elogio a las Misiones Pedagógicas”. Sen embargo, á chamada do Reitor só acudiron os Presidentes dos Consellos Provinciais da Coruña (Díaz Rozas) e Pontevedra (Álvarez Limeses). Descoñecemos as causas polas que non acudiron os de Lugo e Ourense. Nunha sesión de 15 de xuño acordouse o desprazamento dunha comisión a estas dúas últimas cidades para realizar un labor relacionado coa problemática xurdida.

Así pois, neste ano 1932 o traballo estivo dirixido á realización de conferencias. Unha Circular do Consello Provincial de Primeira Ensinanza de Pontevedra, publicada no *Boletín Oficial* da provincia, concretaba os obxectivos das Misións: tratábase de conseguir que todos os domingos se desen nos locais escolares conferencias de divulgación daquelas materias indispensables para elevar o nivel cultural dos cidadáns. Para dar estas conferencias requiríase o concurso de todas as persoas cultas dos Concellos: médicos, peritos agrícolas, farmacéuticos, avogados, sacerdotes [obsérvese este dato], mestres, “y cuantos se presten a realizar esta obra de divulgación en un terreno neutral, como esas mismas enseñanzas requieren” (*El Pueblo Gallego*, 1932).

O 30 de xullo unha carta do Ministro de Instrucción Pública felicitaba ao Consello Universitario. Foron importantes as xestións de Rodríguez Cadarso, que mantiña relacións moi cordiais co Director Xeral de Instrucción Pública, Rodolfo Llopis. Ademais da correspondencia sostida, acompañou a Llopis durante varios actos por Galicia. Neste ano, á marxe das accións directamente programadas polo Consello Universitario, o Patronato de Misións Pedagóxicas, co informe favorábel das inspeccións provinciais de primeira ensinanza, continuou co labor iniciado en 1931, relativo ao fomento das bibliotecas e ao obxectivo da República de proceder á renovación dos libros escolares. Sen embargo, os resultados non debían ser óptimos, xa que o mestre Víctor Fraiz (Garrido Moreira, 2002) —fusilado despois, en 1937— (Porto Ucha, 2003, pp. 158-163) queixábase en *El Pueblo Gallego* o 1 de xullo de 1932 de que “salvo contadísimas excepciones, en las escuelas de España siguen poniéndose en manos del niño los libros de la vieja farándula pedagógica”.

c) 1933. Misións Pedagóxicas nas catro provincias

Cadarso pensaba continuar coas Misións Pedagóxicas da Universidade, pero non puido ser porque faleceu nun accidente de coche. Precisamente no ano 1933 as accións misionais correron a cargo do propio Patronato de Misións Pedagóxicas. Entre o 11 de agosto e o 17 de decembro as Misións estendéronse polas catro provincias galegas. Contouse coa colaboración de Rafael Dieste, Ramón Gaya, Antonio Sánchez Barbudo, José Otero Espasandín e Arturo Serrano Plaja. A nivel local colaboraron tamén Cándido Fernández Mazas e Antonio Ramos Varela. Durante estes meses percorréronse os pobos de Xinzo de Limia, Allariz, O Carballiño e Maside (Ourense), Lalín, Silleda e A Estrada (Pontevedra), Rianxo, Boiro, Noia, Outes, Muros, Serres, O Pindo, Corcubión (Figura 1), Cee, Fisterra, Carballo, Malpica (Figura 2) e Betanzos (A Coruña), Vilalba, Ribadeo, A Fonsagrada, Baralla e Becerreá (Lugo), para rematar de novo na provincia de Ourense: A Mezquita, Queiruga e o Barco de Valdeorras.



Figura 1: Traslado do Museo do Pobo de Pindo a Corcubión (A Coruña), outubro de 1933. Fotografía de José Val del Omar. Archivo María José Val del Omar y Gonzalo Sáenz de Buruaga, Madrid.

Foi a Misión de máis longa duración das realizadas por España e a primeira vez que se fixo coincidir co Museo circulante de pintura. De acordo cos datos publicados polo Patronato de Misiones Pedagógicas (Patronato de Misiones Pedagógicas, 1934, pp. 105-106), o Museo circulante estaba composto por dúas coleccións. Integraban a primeira colección catorce copias doutros tantos cadros do Museo do Prado, orixinais dos máis famosos pintores da escola española: “Autos de fe”, de Berruguete; “Retrato del príncipe Don Carlos”, de Sánchez Coello; “Resurrección” e “Retrato de un Caballero” de El Greco; “El sueño de Jacob” de Ribera; “Las hilanderas”, “Retrato de la infanta Margarita” e “Don Antonio el inglés” de Velázquez; “La visión de San Pedro Nolasco” de Zurbarán; “El niño Dios pastor” e “Santa Isabel de Hungría” de Murillo; “Los fusilamientos del Dos de Mayo”, “La maja vestida” e “El pelele” de Goya. Con eles expoñíanse tamén reproducións dos gravados de Goya: *Los caprichos* (*Retrato de Goya, ¡Que viene el coco!, Se quebró el cántaro, Bravísimo*), *Los desastres de la guerra* (*¡Qué valor!, No saben el camino*), *La Tauromaquia* (*El animoso moro Gazul, El diestrísimo estudiante de Falce, Desgracias acaecidas en la plaza de Madrid*) e *Los disparates* (*Disparate femenino, Disparate de miedo, Los ensacados, Los majos bailarines, Una reina del circo*).



Figura 2: Mariñeiros e nenos esperando aos misioneiros para oír a charla impartida en Malpica (A Coruña), outubro de 1933. Fotografía de José Val del Omar. Archivo María José Val del Omar y Gonzalo Sáenz de Buruaga, Madrid.

Formaban a segunda colección circulante gravados de Goya, e as seguintes copias de cadros do Museo do Prado, a Academia de San Fernando e o Museo Cerralbo: “Pasaje de la vida de Santo Domingo” de Berruguete; “Retrato de la Infanta Doña Isabel Clara Eugenia” de Sánchez Coello; “Crucifixión” e “San Francisco” de El Greco; “Martirio de San Bartolomé” de Ribera; “Las Meninas”, “Retrato ecuestre del Príncipe Don Baltasar” e “El bobo de Coria” de Velázquez; “Un fraile mercedario” de Zurbarán; “Familia del pajarito” e “Sueño del patricio romano” de Murillo; “El entierro de la sardina”, “Aquelarre de brujas” e “La nevada” de Goya. As exposicións, que con frecuencia tiñan lugar no salón de actos dos concellos, soían abrirse de once a trece horas, e de deza-seis a dezanove horas. A esa hora, un dos misioneiros falaba do valor artístico dos cadros. En Lalín fíxose a exposición o 30 de agosto e o 3 de setembro. A xulgar pola relación de cadros e gravados descrita anteriormente, non había por que escandalizarse. Todo o contrario. Sen embargo, parece ser que nalgún lugar houbo problemas. *El Emigrado* de A Estrada, expresábase así nun artigo publicado o 10 de setembro de 1933:

Una nota censurable merece mención y es que los elementos derechistas, arguyendo que entre los cuadros había algunos con figuras escasas de ropa, y otras de la época de la Inquisición, han empezado a aconsejar a la beatería que no asistiesen ni dejasen ir a sus hijos. Las gentes exentas de esos prejuicios han concurrido.

Pola noite, a partir das dez e media, proseguíase a actuación, para finalizar cunha pequena sesión de cine. Púxose tamén en marcha unha nova creación artística de Misións: o Teatro de Guiñol. A colaboración de Rafael Dieste foi decisiva neste cometido. Mediante o Guiñol, representáronse, tamén noutras zonas da xeografía española, romances escenificados como *La Doncella Guerrera*, e farsas creadas por Dieste como *El falso fakir*, *El gato de Siloc*, *La amazona y los excéntricos*, *Curiosa muerte burlada*, *Duelo de máscaras*, *El dragón y la paloma* e *Equivocación fatal* ou *El Extranjero*. Entre o repertorio do Coro e Teatro de Misións, figuraban cancións populares de Galicia.

Dentro do apartado de bibliotecas solicitadas ao Patronato de Misións Pedagóxicas, o Inspector-Xefe de primeira ensinanza de Pontevedra, Pedro Caselles Rollán, laiábase de que “nuestra provincia es una de las que más bajo nivel han dado en la petición” (*El Pueblo Gallego*, 11/5/1933). Para mentalizar ao maxisterio enviouse unha circular, que aparece nos xornais *El País* e *El Noticiero Gallego* dos días 3 e 11 de maio de 1933, respectivamente. A resposta debeu surtir efecto, xa que a petición seguiu nesta provincia un ritmo ascendente, a xulgar polos datos do propio Patronato de Misións Pedagóxicas: 16 Bibliotecas en 1931, 12 en 1932, e 103 en 1933.

Á parte das Misións Pedagóxicas programadas polo Patronato de Misións, queremos subliñar que Daniel Calvo, Inspector-Xefe de Lugo, dirixía o 27 de maio de 1933 un escrito ao Reitor, pedindo a conformidade para solicitar do Patronato de Misións Pedagóxicas unha saída á provincia, coincidindo cunha Semana Pedagóxica na que tomaba parte tamén Luis Soto Menor, e na que estaba garantida a asistencia de “elementos de Madrid”. Entre estes elementos figuraba M^a Luisa Navarro, a dona de Lorenzo Luzuriaga, que fixo labor de divulgación tamén noutros lugares da xeografía española, como Cantabria (González Rucandio, 2011). Debemos aclarar nese sentido que os mestres, en colaboración coa Inspección, desenvolveron durante estes anos “pequenas” Misións. Das celebradas en Lovios, presididas pola inspectora María Cid, infórmanos Lagares: a presentación correría a cargo do mestre de Delás, Sebastián López; o de Gandeiros, Manuel González, disertaría

sobre “Derechos y deberes sociales”; o de Grou, Isidro Prieto, sobre “La escuela considerada como primero y principal centro de cultura”; José Pena, Presidente da Asociación “Sociedad Loviense de Trabajadores de la Enseñanza”, resumía as distintas misións realizadas; entre os oradores figuraba o médico Antonio Lorenzo; a rondalla entrimeña, co seu director Ricardo Domínguez, interpretou varias composicións (Lagares, 1933). A ese respecto, cabe destacar o labor de apoio das distintas colectividades culturais (bandas de música, coros, rondallas, gaiteiros, etc.) neste tipo de tarefas pedagóxicas, acercándonos, así, a unha vertente institucionalista pouco estudada, a da cultura popular na ILE, tema do que nos levamos ocupado nalgunha ocasión (Porto Ucha, 1996).

d) 1934. Dúas Misións Pedagóxicas (en Pontevedra e A Coruña). O labor da Inspección

En 1934 Galicia contou con dúas Misións Pedagóxicas, dirixidas por Antonio Ramos Varela e Xavier Arias. A primeira tivo lugar na provincia de Pontevedra, colaborando na súa organización o Inspector de Primeira Ensinanza Rogelio Pérez González.

A Misión Pedagóxica celebrada en Pontevedra pode dividirse en dúas fases: a primeira dende o 23 ao 28 de maio, na que se visitou Meaño, Vilalonga e Combarro; a segunda, do 5 ao 23 de xuño, coa visita a Arbo, A Lomba, Valeixe, A Cañiza, Ameixeira, A Franqueira, Luneda, O Covelo, Maceira e San Pedro de Campo (Patronato de Misiones Pedagógicas, 1935, p. 59).

En A Coruña a Misión tivo lugar en Outes, A Picota, Mazaricos, Beba, Muros, Serres e Abeleira, durante os meses de xullo e agosto. Contouse coa participación do Inspector Manuel Díaz Rozas, que o ano anterior fora nomeado director da sección de Pedagogía creada no Seminario de Estudos Galegos para mellorar o coñecemento da escola rural. Con esta finalidade, creouse o “Patronato da Escola Rural Galega” (Lage Casal, 1989, pp. 179-181).

d.1. Labor desenvolvido na Cañiza

Cando no mes de xuño de 1934 o Patronato de Misións encargou aos misioneiros Ramos e Farias o desenvolvemento dun plano misional na provincia de Pontevedra, o inspector José Muntada Bach ofreceuse a compartir o plano levado a cabo na Cañiza, polo carácter rural da zona onde se ía desenvolver. Este inspector, procedente da decimo sexta promoción (1924-1928) da Escola de Estudos Superiores do Maxisterio, e que tiña adxudicada a Zona 10ª da provincia (comprendía o Partido da Cañiza e o Concello de Salceda de Caselas), foi un dos máis destacados impulsores da renovación educativa na Segunda República a nivel de inspección, se ben despois da guerra experimentou unha fonda reversión ideolóxica. Colaboraron tamén os mestres da Cañiza, o freinetiano José Benito González Álvarez e o de Achas, Jesús Eugenio Pérez Pérez (fusilado en outubro de 1936); xunto a eles, tomaron parte activa os mestres da Lamosa e Paraños, que fixeron cos misioneiros un percorrido polos montes da Franqueira. A Misión celebrouse entre o 5 e o 24 de xuño de 1934.

Os actos misionais, enfocados cara os tres eidos distintos de fomento da cultura xeral, a orientación pedagóxica e a educación cidadá, ían precedidos dunha sinxela presentación que facían, ben o inspector ou o Sr. Ramos, “exaltándose la figura de Cossío, alma mater del ideario misional”, e subliñando que as Misións, no nome da República, intentaban acercarse ao pobo para proporcionarlle recreo espiritual (Muntada Bach, 1934). Proxectábanse despois películas como “Curiosidades de otros países”, “En el reino del carbón”, “La seguridad en el mar”, etc. As películas eran explicadas

principalmente por Ramos e algunhas veces por Farias, “salpicadas de ingeniosas notas de gran interese popular”. Segundo conta Muntada Bach no artigo citado, “la maravilla cinematográfica se apoderaba de las gentes y subyugaba a las que por primera vez veían el cine”.

Realizáronse tamén audicións musicais, que eran escoitadas nun emocionado silencio. Para iso, a Misión acudía á facilidade do gramófono e dos discos, escrupulosamente seleccionados para formar interesantes coleccións graduadas de obras universais ou de estimación xeral (Patronato de Misiones Pedagógicas, 1934, p. 73): de Bach, Haendel, Mozart, Beethoven, Schubert, Mendelssohn, Weber, Chopin, Liszt, Wagner, Rossini, Berlioz, Gounod, Verdi, Franck, Brahms, Strauss, Saint Saëns, Debussy, Mussorgski, Borodin, Rimski Korsakoff, Grieg, Puccini, Dukas, Ravel, Stravinski, etc.; dos autores españois, Chapí, Bretón, Albéniz, Falla, Esplá, Turina, García Lorca, e exemplos de canto gregoriano e da lírica rexional galega, asturiana, montañesa, catalana, valenciana, andaluza, etc.

Muntada Bach aproveitaba ese recollemento para recitar poemas como “La ermita de San Simón”, “La loba parda”, e outros romances que “les enternecían como versos que son del pueblo”; entón, Ramos anunciaba o remate con películas de debuxos ou cómicas, tales como “La calle de la paz” de Charlot. Nembargante, como ocorrera xa o ano anterior na Estrada, onde elementos dereitistas, obxectando que entre os cadros expostos había algúns “escasos de roupa”, empezaron a aconsellar á beatería que non asistise nin deixase ir aos seus fillos e tamén aquí houbo dificultades. Muntada Bach (1934) fálanos dos “espíritos do mal” que divulgaban aquilo de “xa veredes na cédula” ou “buscan votos para o partido comunista”:

Y aun en aquellos sitios donde los espíritus del mal a sabiendas habían hecho ‘propaganda’ hablando de los misioneros como si fuesen ‘titeres’ por ser ¡sólo pedagógicos!, esto es, no adscritos a ningún interés político ni parcialmente técnico; aun en los lugares donde se había divulgado aquello de ‘ya vereis en la cédula’ o esta otra enormidad de ‘buscan votos para el partido comunista’, en todas partes el pueblo asistió maravillado, desentendiéndose de ‘tartugos’ y escuchando las gentes, en pie y descubiertos, con el máximo respeto, el himno nacional que cerraba los actos misionales.

d.2. Unha Semana Pedagóxica

Pola Orde Ministerial do 31 de xullo de 1934 (Gaceta do 8/8), foille subvencionada unha Semana Pedagóxica ao Centro de Colaboración da Cañiza, baixo a orientación do seu Inspector, Muntada Bach. Esta subvención incluía varias viaxes a escolas galegas. Neste tempo, os mestres programaron para as súas escolas o estudo dos feitos xeográficos das respectivas parroquias, a xeito de base para o ensino globalizado, dun gran caudal de experiencias escolares (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, 1934, pp. 22-23).

Ademais de trasladarse a A Coruña, onde visitaron as Escolas da Guarda e recibiron leccións de María Barbeito Cerviño (Vázquez Ramil, 2012, p. 180), a única galega entre os dez primeiros inspectores-mestres correspondentes ao concurso restrinxido de abril de 1933, todos eles de gran prestixio, os mestres da Cañiza e dos concellos limítrofes (O Covelo, Arbo, Crecente) visitaron a Escola Rural de Budiño (O Porriño), na que funcionaba unha cooperativa escolar rural, creada polo mestre Luis Carragal Peón (Porto Ucha, 2003), e que contaba cunha prometedora granxa agrícola, traballada e administrada polos propios rapaces (parque, horta, galiñeiro, colmeas, etc.).

Sublíñaselle aos semanistas a importancia do medio rural no que os nenos vivían, e a necesidade de traballar todos na redacción dun folleto divulgativo da xeografía cañicense nas escolas da zona. Pídeselle aos mestres que xunten materiais documentais completos para que este labor cristalice nun libro de lecturas xeográficas que sexan firme iniciación do ensino xeográfico, nun tramo que comprendía 43 parroquias. Para orientar este traballo, Muntada Bach trazou un guión que, aínda transcorridos preto de oitenta anos, segue a ser, ao noso entender, de grande interese metodolóxico:

I.- Idea de conxunto da parroquia

- Planos das dúas escolas, barrios, lugares e nomes típicos, fixándose nun esbozo sinxelo.
- Situación, delimitación e extensión aproximada.
- Porcentaxes medias de natalidade, mortalidade e emigración: poboación actual.

II.- Paisaxe da parroquia

- Ambiente natural (relevo, vexetación e fauna).
- Causas dos fenómenos naturais que aquí se observan e fixación deles nun sinxelo esbozo.
- Conxunto climático e a súa influencia nos cultivos agrícolas (variedade e intensidade destes e esbozo comparativo).

III.- Vida humana

- Alimentación, vestido, hixiene e edificación de casas, segundo o clima.
- Traballos da muller, do home e do rapaz, e consecuencias para a escolaridade (problemas de asistencia).
- O que produce, vende e consume a parroquia e as aspiracións desta: Melloras agrícolas ou industriais, camiños, escolas, etc.
- Costumes e moralidade. Rexístranse feitos delituosos?
- Santuarios e romarías.
- ¿Conta a parroquia con algún fillo ilustre?
- As supersticións e a súa influencia e manifestacións nos nenos.
- Número de tabernas e de “manciñeiros”, e a que especialidades se dedican estes.
- Médico e farmacias máis cercanas.
- Carteiría.
- Regadíos e aproveitamentos agrícolas comúns.
- Vías de comunicación e puntos de referencia (pobos importantes nas cercanías...).
- Sociedades culturais.

En máis dunha ocasión, preguntámonos se estas ambiciosas actividades se realizaran na práctica. Entre os mestres da zona da Cañiza, temos noticias do labor de Julio Olivares Guzmán, da escola de Piñeiro, en Santa María de Oroso, que acompañou aos alumnos á Cañiza para disfrutar das películas de Charlot, lles mandou facer un mapa da parroquia, cos ríos, aldeas e montes, e organizou unha excursión ao arboredo, a 3 quilómetros (Porto Ucha, 2013). Ao igual que outros que colaboraron con estas experiencias, Julio Olivares foi expedientado no proceso de depuración, a partir dos sucesos de 1936, con traslado dentro da provincia e inhabilitación para cargos directivos (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, 11-5-1940).

e) Actividades realizadas en 1935 e 1936

En 1935 o Seminario de Estudos Galegos levou á práctica en Pontevedra un curso de extensión escolar, que ben pode encadrarse dentro do conxunto de actividades misionais realizadas en Galicia durante o período republicano. Estes cursos tiñan o propósito de iniciar a sistematización

dunha visión ampla no conxunto da cultura galega; de espertar na xuventude un novo interese pola cultura. Carballeira afirmaba naquel intre que “este ha sido el acto cultural de mayor vuelo y más eficacia de los realizados últimamente en Galicia” (Carballeira, 1935).

Ao curso asistiron inspectores, mestres, alumnos de escolas normais, alumnos universitarios, de bacharelato y doutros centros profesionais. Se ben o número oficial se sitúa en 110, *A Nosa Terra* informaba que houbo unha matrícula de 120, ademais de gran cantidade de persoas invitadas e non matriculadas, que asistiron ao curso, cun público diario de 200 persoas. Foron, ademais, seguidas a través da radio, por moitas máis. En total, foron 56 conferencias sobre temas diversos, 32 en castelán, e 24 en galego. A organización correu a cargo de José F. Filgueira Valverde.

Por outra banda, os proxectos de Misións Pedagóxicas seguiron nestes dous últimos anos da República. *Escola Vivida*, a Revista dos mestres da Casa del Maestro de Pontevedra (Porto Ucha e Vázquez Ramil, 2013), presentaba entre os seus proxectos de 1935 os de Misións Pedagóxicas nas apartadas localidades rurais, “allí donde la voz de la vida civilizada se silencia en ancestralismos de resignación y renunciamento”. A súa idea era preparar unha especie de Teatro-Barraca, que puidese ser eficaz auxiliar na obra misioneira (*Escuela Vivida*, 1935). De acordo cos datos do *Boletín Provincial de Educación* (Pontevedra), seguiron, ademais, desenvolvendo o seu labor os Centros de Colaboración Pedagóxica, e continuaron recibíndose Bibliotecas que, ao non seren publicadas as correspondentes Memorias do Patronato de Misións Pedagóxicas, é difícil saber o número exacto.

Na Revista *Vida Escolar*, de Lugo, E. Díaz manifestábase así:

Muy pronto veremos aquí en Lugo a los paladines de la cultura haciendo su entrada triunfal por alejadas aldeas y vetustos rincones, habitados por los que viven del agro, para llevarles nuevos aires de modernismo y progreso, conviviendo con ellos unas horas, haciéndoles sentir a admirar las grandezas del mundo ante la pequeñez de lo desconocido (Díaz, 1935).

A citada nota aporta información sobre o distrito de Castroverde, no que existían tres bibliotecas: Furís-Albardeiro, Riomol e Furís de Arriba, concedidas polo Patronato de Misións Pedagóxicas, que contiñan 102 exemplares “profusamente encuadernados”.

2. A CHEGADA DA GUERRA E A DEPURACIÓN, A PARTIR DE 1936

Non puido ser. O estourido da guerra civil rompeu con aquel proxecto de ilusión. Neste clima de ruptura, nun traballo aparecido en 1940, F. Martín-Sánchez Juliá refírese ás Misións Pedagóxicas como:

“verdadero apostolado del diablo, corruptor de pueblos, enardecedor de revolucionarios del surco y de la estepa. Repartiéndose ‘bibliotecas populares’ cuyos libros comprados en masa por sectarios antiespañoles del Ministerio de Instrucción Pública eran manuales de anarquismo (...) con los cuales se ‘ilustró’ a pobres campesinos que sólo sabían leer o a jóvenes obreros con ambiciones políticas”. (Martín-Sánchez Juliá, 1940, p. 117).

2.1. Os ataques contra a ILE. O final dunha innovación

Os ataques ían especialmente dirixidos contra a Institución Libre de Enseñanza e as institucións creadas por ela. Unha Orde Circular sobre depuracións en Instrucción Pública, asinada o 7 de

decembro de 1936 polo Presidente de “Cultura y Enseñanza”, José M^a Pemán, propoñía a separación inexorable das súas funcións maxistras de cantos directa ou indirectamente contribuíran a soste e propagar aos partidos, ideario e institucións da chamada “Fronte Popular”. A Orde fala “de los envenenadores del alma popular, primeros y mayores responsables de todos los crímenes y destrucciones, que sobrecogen al mundo”. A Circular engadía:

Los individuos que integran esas hordas revolucionarias, cuyos desmanes tanto espanto causan, son sencillamente los hijos espirituales de catedráticos y profesores que, a través de instituciones como la llamada ‘Libre de Enseñanza’, forjaron generaciones incrédulas y anárquicas.

Na mesma liña, ao tempo que anunciaba uns cursos de formación para mestres, o *Boletín Provincial de Educación* (Pontevedra) insería en 1937 unha Orde Circular da “Comisión de Cultura y Enseñanza” da Xunta Técnica do Estado. Nela pode lerse:

Las fuerzas secretas de la Revolución adueñadas por completo estos últimos años del Ministerio de Instrucción Pública, llevaron a cabo la obra de deformación espiritual del Magisterio español; iniciado ya, muchos años antes, por la ILE, ejecutora de aquella ‘espantosa liquidación del pasado’ que anunció Menéndez Pelayo, seduciendo con el espejuelo de una falsa y postiza Cultura a la juventud en vez de adiestrarla en el ‘cultivo de sus propio espíritu’ que es lo único que ennoblece y redime a las razas.

2.2. O proceso de depuración. Depuración de mestres e bibliotecas

Fracasada a sublevación militar do 17 de xullo de 1936, constituíuse a denominada Xunta de Defensa Nacional, substituída logo pola Xunta Técnica do Estado, formada por sete comisións. Entre elas, a Comisión de “Cultura y Enseñanza”, estivo presidida por José M^a Pemán. Como vicepresidente, Enrique Súnier “un auténtico extremista, obsesionado por la obra de la Institución Libre de Enseñanza”, (Morente Valero, 1997). Creáronse 57 comisións depuradoras do Maxisterio.

Entre os cargos que se formulaban contra os mestres e mestras, figuraban:

- Aplicación de métodos pedagóxicos estranxeirizantes
- Posta en marcha da coeducación
- Participar en campañas de alfabetización de adultos
- Creación de Bibliotecas
- Laicismo e neutralidade relixiosa
- Ensinar en linguas vernáculos, etc.

Moitos deles estaban relacionados coa experiencia republicana das Misións Pedagóxicas. As acusacións aparecen a miúdo até ridículas. Dunha mestra asturiana, consta que cantaba cos alumnos “Asturias, patria querida”. Coméntase que Unamuno, nunha ocasión en que presidía unha Comisión na que se analizaba o expediente dun mestre, e no que o cura anotara á marxe que “non ía á misa”, aquel contestou: “¡Ni yo tampoco!”.

Aportamos só algúns datos sobre a depuración. Molero Pintado (1977) apunta a cifra de 50.527 mestres nacionais en 1935. Pola súa banda, Morente Valero sinala unha cifra próxima a 61.000 mestres depurados entre 1936 e 1943. Practicamente, todos. Por provincias, Asturias tiña 2.427 mestres, dos que foron depurados 2314 (o 95,34%). Pontevedra tiña 1651, dos que sufriron depuración 1478 (o 89,52%), aínda que pensamos que a cifra real pode andar arredor dos 1800. O

mesmo Morente Valero sinala que Pontevedra foi a provincia na que a Comisión Depuradora Provincial actuou como maior dureza. Pola contra, en Asturias sucedeu ao revés; tivo que actuar con maior endurecemento a Comisión Central do Ministerio, para corrixir a actitude máis temperada da Comisión da provincia. Temos localizado para Pontevedra arredor de 30 mestres que perderon a vida. Ademais do exilio, os traslados forzosos (dentro e fóra da provincia, fóra da rexión, baixas no escalafón, suspensións de emprego e soldo, etc.) É frecuente encontrar unha clara relación entre estes mestres e mestras e a súa participación nas Misións Pedagóxicas.

Á parte, estaba a depuración de libros e bibliotecas. Para saber da concepción que tiña o réxime franquista das Bibliotecas e libros escolares utilizados durante aqueles anos de República, non temos máis que fixarnos nunha Circular do Gobernador Civil de Lugo, Ramón Bermúdez de Castro, publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOPL) o 21 de xaneiro de 1937, anunciando que a Comisión Depuradora de Bibliotecas Escolares ía realizar o labor que lle fora encomendado. Nesta Circular lemos:

“Por desgracia los fondos de libros escolares y Bibliotecas de Misiones Pedagógicas no sólo no respondían a un criterio cristiano y nacional de la cultura sino que revelaban un deplorable intento de disipación y una pedantesca concepción de la tarea escolar”.

Despedíanse cun ¡Viva España! os membros da Xunta Depuradora de Bibliotecas Escolares, Andrés García Conde, Joaquín García Ojeda e José Fernando Filgueira Valverde.

2.3. As estratexias do Estado novo

Como estamos observando, para construír un novo sistema educativo, era necesaria unha purga. Había que castigar ao maxisterio, non soamente polo que fixera anteriormente, senón como prevención para o futuro. De aí a represión dende os primeiros días do alzamento militar. Había que construír unha nova escola. A escola do “Estado Novo”. Este novo Estado había que dotalo de legalidade e de lexitimidade. Alicia Alted (1996) sinala que a canle privilexiada para esa lexitimación era fixar na memoria da sociedade uns principios que encarnasen a esencia do réxime. Había que eliminar todo o que recordase á República, someter o pasado inmediato ao esquecemento, substituíndoo por outro pasado máis afastado que se proxectase cara ao futuro. Había que institucionalizar a memoria.

Foron profundos os cambios que se produciron en poucos meses. Ademais da censura ríxida dos libros de texto e bibliotecas, os docentes pasaron por un proceso de reeducación, organizándose cursiños de formación do Maxisterio para unificar os criterios e o sistema educativo e na defensa da educación católica. Como exemplo desa estratexia, dicir que nese mesmo ano 1937, en agosto, a *Asociación Católica de Maestros de Lugo* presentaba uns “Cursillos de Formación del Magisterio”, nun Programa redactado pola Inspección de 1ª Ensinanza da provincia encabezado cunha foto do “Generalísimo”, co rótulo do “Segundo Año Triunfal” e con catro salutacións: ¡Viva Cristo Rey!, ¡Viva España!, ¡Viva Franco! e ¡Arriba España!. As sesións tiveron lugar na segunda metade do mes de agosto. Trataron de temas relixiosos, da lonxana historia de España (Roma, a unidade imperial dos Austrias...), de formación patriótica e demais. Asinaba o Inspector-Xefe, Joaquín G. Ojeda.

En síntese, é verdade que as Misións Pedagóxicas foron cualificadas por algúns de “utopismo educacional”. Pero, fronte a aquela senlleira experiencia, despois viría “a longa noite de pedra”,

como diría o noso escritor Celso Emilio Ferreiro. Durante moitos anos, a innovación e a modernización dificilmente ían ter cabida. E alí, onde –como en Galicia– había unha lingua e unha cultura diferenciadas das que se pretendía impoñer un modelo único, sen concesións á diversidade, o estrago foi dobre.

BIBLIOGRAFÍA

- Alted Vigil, A. (1996). *Entre el pasado y el presente. Historia y memoria*. Madrid: UNED.
- Carballeira, J. (1935). La obra cultural del seminario de Estudios Gallegos. Un primer curso de extensión escolar. *El Pueblo Gallego*, 4/9/1935.
- Casona, A. (2007) [1935]. *Nuestra Natacha*. Madrid: Castalia.
- Congreso Nacional Pedagógico (1882). *Actas de las sesiones celebradas. Discursos pronunciados y memorias leídas y presentadas a la Mesa. Notas, conclusiones y demás documentos referentes a esta asamblea. Publicado por la Sociedad el Fomento de las Artes, iniciadora del Congreso*. Madrid: Gregorio Hernando.
- Díaz, L. (1935). Misiones Pedagógicas. *Vida Escolar* (Lugo), 7/6/1935.
- Garrido Moreira, E. (2002). *Víctor Fraiz. Vida e asesinato dun mestre exemplar*. Santiago de Compostela: Fundación Luis Tilve.
- Gimeno Perelló, J. (2011). Esbozo de una utopía: las Misiones Pedagógicas de la II República española (1931-1939). *Revista Faro*, Valparaíso (Chile), 13, pp. 160-177.
- González Rucandio, V. (2011). Crónica de las Misiones Pedagógicas en Cantabria. Cabás: Revista del Centro de Recursos, Interpretación y Estudios en materia educativa (CRIEME) de la Consejería de Educación del Gobierno de Cantabria (España), nº 6. Diciembre. Disponible en: <http://revista.muesca.es/index.php/articulos6/215-chronica-de-las-misiones-pedagogicas-en-cantabria-> [Consulta: 19/05/2013].
- Lagares, J. M. (1933). Desde Lovios. Pequeñas Misiones Pedagógicas. *Galicia* (Ourense), 4/7/1933.
- Lage Casal, A. (1989). *Castelao e a cuestión do ensino*. Santiago de Compostela: Consellería da Presidencia e Administración Pública.
- Marras, M. (1932). Las Misiones Pedagógicas. Circular interesante. *El Noroeste*, 22/4/1932.
- Martín-Sánchez Juliá, F. (1940). Origen, ideas e historia de la ILE. En VV. AA. *Una poderosa fuerza secreta: la Institución Libre de Enseñanza*. San Sebastián: Editora Española.
- Molero Pintado, A. (1977). *La reforma educativa de la Segunda República Española. Primer Bienio*. Madrid: Santillana.
- Morente Valero, F. (1997). *La escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional (1936-1943)*. Valladolid: Ámbito.
- Muntada Bach, J. (1934). Las Misiones Pedagógicas en Galicia. *Boletín Provincial de Educación*, 7, Pontevedra, pp. 10-12.
- Otero Urtaza, E. (1982). *Las Misiones Pedagógicas: una experiencia de educación popular*. A Coruña: Edicións do Castro.
- Patronato de Misiones Pedagógicas (1934). *Septiembre de 1931, Diciembre de 1933*. Madrid: S. Aguirre.

- Patronato de Misiones Pedagógicas (1935). *Memoria de la Misión Pedagógico-social en Sanabria (Zamora) en el año 1934*. Madrid: S. Aguirre.
- Pérez Galán, M. (1981). La enseñanza en la II República. *Cuadernos de Pedagogía*, 77, pp. 33-35.
- Porto Ucha, A. S. (1986). *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*. A Coruña: Edicións do Castro.
- Porto Ucha, A. S. (1996). Cultura popular. A ILE, Portugal e Galicia. *Raigame*, 2, pp. 63-68.
- Porto Ucha, A. S. (2003). *Historias de vida. O Maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e Franquismo*. Ponteareas: Alén Miño.
- Porto Ucha, A. S. (2013). Limiar. En M. Rodríguez Troncoso, *O serán alumeado*. Vigo: Ir Indo, pp. 5-8.
- Porto Ucha, A. S. e Vázquez Ramil, R. (2013). La prensa pedagógica en Galicia durante la II República: Escuela Viva, órgano de la asociación Casa del Maestro de Pontevedra (1935-1936). En J. M. Hernández Díaz (Ed.), *Prensa Pedagógica y Patrimonio Histórico Educativo*. Salamanca: Universidad de Salamanca, pp. 301-309.
- Residencia de Estudiantes (2003). *Val del Omar y las Misiones Pedagógicas*. Madrid: Ed. Gonzalo Sáenz de Buroaga.
- Vázquez Ramil, R. (2012). Las mujeres gallegas y la Institución Libre de Enseñanza: de Concepción Arenal a las universitarias de la Residencia de Señoritas. En García Fernández, M. y Cernadas Martínez, S. (eds.) *As mulleres na Historia de Galicia*. Santiago de Compostela: Andavira, pp. 165-196.

XORNAIS E BOLETÍNS

A Nosa Terra

A laboura do Seminario de Estudos Galegos. 3, 8, 17, 24 e 31/8/1935.

Boletín Provincial de Educación (Pontevedra)

Nº 6, 1937, p. 5.

Escuela Viva

Marxinales. 9/5/1935.